

ACTA N° 45/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 8 DE NOVEMBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.

D. Victor Pastoriza Lino

D. Valentín Piñeiro González.

Dona Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela.

Secretario accidental: José Rodríguez Veloso.

Na casa do Concello de Moaña, o 8 de novembro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario accidental, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local número 42/10 , correspondente á sesión do 18 de outubro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Non hai.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia

subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 190/10 – UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., representada por D. Fernando Val López, presenta separata do proxecto da obra RBTS Ramón Cabanillas (Nº SGD: 248307070058) para subministro de enerxía eléctrica a edificio de 7 vivendas, redactada polo enxeñeiro técnico industrial D. Daniel Altes Altes, visado na data 26.10.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 8 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: RBTS. (O. MAIOR)

INFORME: **Procede licenza**

Non require informes sectoriais

No expediente consta o estudo básico de seguridade

3.B) EXPTE. 168/10 – D. RICARDO CRUZ GIL presenta estudo técnico para cambio de tella en vivenda unifamiliar existente na rúa Avda. Fernando García Arenal, nº 6, do barrio do Con, redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos de Arquitectura e Urbanismo Morrazo, S.L.P., visado o 30 de setembro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA CAMBIO DE TELLA (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación e ornato definidas na documentación técnica presentada.

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación afectada pola alineación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación e ornato da edificación con cambio de tella coa preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	39,76 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

4.- PARCELACIÓNS

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno

Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

EXPTE. 133/10 – ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, representado por D. Manuel Reis Escariz, presenta proxecto de parcelación de finca, situada no Igrexario - Tirán, redactado polo Estudo de Arquitectura e Urbanismo, JH – ARKMO, visado o 29.07.2010.

Dáse conta do informe do aparelador do Concello de Moaña do 3 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: **Procede licenza de parcelación.**

Require informe sectorial.

No expediente consta autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo.

Finca matriz de 11.716 metros cadrados. As parcelas resultantes descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Arquitectos con data de 29/07/2010, resultan dúas parcelas de 6.358,65 e 5.357,35 metros cadrados que cumpren a condición de mínimas para o solo urbano segundo as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan non producíndose segregación en rústico.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 110,00€

5.- PECHE

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 173/10 – D. MANUEL GONZÁLEZ GAYO solicita a construción de muro de peche de 3,00 por 2,00 de alto, a lindantes (6,00 m²) a base de formigón e bloques, a situar no barrio de Paradela nº 37, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: MURO DE PECHE (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

Peche a lindantes. Altura máxima a partir da rasante non superará os dous metros.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 12,22 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

6.- LICENZAS DE APERTURA

EXPTE. 36/10 – METAL YAKO, S.L.U. solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 8 de outubro de 2010, licenza de apertura para establecer unha OFICINA na rúa Fragata Villa Madrid, 12, baixo – O Con.

Visto o informe do aparelador municipal do 28 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: APERTURA DE OFICIÑA

INFORME: **Procede licenza** de apertura e funcionamento da actividade non clasificada.

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Non require informes sectoriais.

Atendendo o disposto no artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza o presente acto por constituír un uso do solo.

O presente udo que determina a actividade de **oficina** resulta compatible co planemento urbanístico dadas a clasificación de usos zonais e as características da actividade proposta; o local, atendendo o disposto no artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, unha vez verificada polo Arquitecto técnico municipal e Inspector de obras que subscriben informe adxunto conforme o local cumpre coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **METAL YAKO, S.L.U.** licenza para a implantación da actividade de OFICINA no local situado na rúa Fragata Villa Madrid, 12, baixo, O Con, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

7.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA

7.A) EXPEDIENTE 38/10 – D.ª JENNIFER LÓPEZ COSTA

Vista a instancia presentada o día 26 de outubro de 2010 por Dona JENNIFER LÓPEZ COSTAS, na que expón que é a nova titular do café-bar ORLY, situado na rúa Daniel Castelao, 23 e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 3 de novembro de 2010, que literalmente di:

A petición do concelleiro delegado de Urbanismo, en data do 03.11.10, en relación coa solicitude presentada por Dna. JENNIFER LÓPEZ COSTAS, na data do 26.10.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Daniel Castelao, nº 23 baixo, pertencente a D. JESÚS COSTA IGLESIAS, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa Daniel Castelao, nº 23 baixo, pertencente a D. Jesús Costa Iglesias, pola **Xunta de Goberno Local do 20.11.1978**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Daniel Castelao, nº 23 baixo, pertencente a **D. JESÚS COSTA IGLESIAS**, aprobada pola **Xunta de Goberno de data 20.11.1978**, a favor de **D.ª JENNIFER LÓPEZ COSTAS**.

7.B) EXPEDIENTE 39/10 – D. MIGUEL LEITE GONZÁLEZ

Vista a instancia presentada o día 15 de outubro de 2010 por Don MIGUEL LEITE GONZÁLEZ, na que expón que é o novo titular do Bar Barbarida, situado en Palmás, 201, baixo, Domaio, dende o día 1 de outubro de 2010. Achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 5 de novembro de 2010, que literalmente di:

A petición do concelleiro delegado de Urbanismo, en data do 05.11.10, en relación coa solicitude presentada por D. Miguel Leite González, na data do 15.10.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR, CATG. ESPECIAL sito na rúa Palmás núm. 201, Domaio, pertencente a D. Carlos Gil Palmás Veiga, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFÉ-BAR CATG. ESPECIAL, sito na rúa Palmás, 201, Domaio, pertencente a D. Carlos Gil Palmás Veiga, pola **Xunta de Goberno Local do 01.10.2002**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR CATEG. ESPECIAL, sito na rúa Palmás, 201, baixo, Domaio, pertencente a **D. Carlos Gil Palmás Veiga**, aprobada pola **Xunta de Goberno de data 01.10.2002**, a favor de **D. MIGUEL LEITE GONZÁLEZ**.

8.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

8.A) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. MANUEL PÉREZ RÚA no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar na Miranda, do barrio da Seara, pertencente á licenza de obra Expte. nº 31/02, concedida pola XGL en sesión de data 04.03.2002.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal do 4 de novembro de 2010 que di:

SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción.

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. José A. Areal Benavides, o día 11 de marzo de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 14 de abril de 2010; asinado polo arquitecto D. Rafael Cabeza Rey-Stolle o día 11 de marzo de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 23 de abril de 2008.

Fotografía do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación de edificio

(2 sotos, 1 planta baixa e 11 vivendas) 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 31/2002, ao seu promotor D. MANUEL PÉREZ RÚA, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

8.B) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. BENXAMÍN RIOBÓ SANLUIS E D^a M^a ASUNCIÓN SOÑORA ABUÍN no que SOLICITAN licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar na Travesía Entrevalos, s/n, do barrio da Seara, pertencente á licenza de obra Expte. nº 74/06, concedida pola XGL en sesión de data 30.03.2007.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal do 5 de novembro de 2010 que di:

SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión aos sumidoiros.

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, o día 12 de maio de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 1 de xuño de 2010; asinado polo arquitecto D. Rafael Oliveira Souto o día 23 de abril de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 4 de xuño de 2010.

Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación de edificio

(2 sotos, 1 planta baixa e 11 vivendas) 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 74/2006, aos seus promotores D. BENXAMÍN RIOBÓ SANLUIS e D^a M^a ASUNCIÓN SOÑORA ABUÍN, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

8.C) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. EUGENIO SOBRAL CARBALLA en representación de PROMOCIONES DEL NOROESTE AMOFRE, S.L. no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para edificio situado na rúa Bernardino Graña, pertencente á licenza de obra Expte. nº 171/2006, concedida pola XGL en sesión de data 30.03.2007.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de outubro de 2010 que di:

SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión aos sumidoiros.

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Jorge Costal Blanco, o día 30 de xuño de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 05 de xullo de 2010; asinado polo arquitecto D. Luis Sarasquete Otero o día 30 de xuño de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 19 de xullo de 2010.

Certificado de illamento acústico favorable para o desenvolvemento da actividade, expedido pola empresa de medicións en contaminación acústica homologada, VIROCEM, S.L.

Fotografías do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmoables de natureza urbana. Modelo 902-N.

Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación de edificio

(2 sotos, 1 planta baixa e 11 vivendas) 1.702,04 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para edificio de 2 sotos, unha planta baixa e 11 vivendas dimanante da licenza en Expte. nº 171/2006, á súa promotora PROMOCIONES DEL NOROESTE AMOFRE, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

9.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

9.A) Visto o oficio remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a resolución da *solicitude de obra de remodelación vivenda, reconstrución de bancadas e muro de contención na zona de policía do rego da Freixa, no lugar de Calvar, parroquia de Domaio*, solicitado por D. Marcos Gil Verdeal, CLAVE: W 36.16848, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución–,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 3 de novembro de 2010, que literalmente di:

Solicitado informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (**Augas de Galicia-Servizo Territorial Zona Galicia Sur**) informe en relación dunha obra de remodelación de vivenda e muro de contención na zona de policía do Rego da Freixa, no lugar de Calvar, parroquia de Domaio, no Concello de Moaña (Pontevedra), obra promovida por Marcos Gil Verdeal, **Clave**

DH.W36.16848, teño a ben informar que estase a Tramitar ante o Servizo de Urbanismo da mesma consellería o presente expediente en solo rústico, requeríndose informe favorable da mesma antes do outorgamento da licenza, a cal este **Concello non opón considerando algún**.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparellador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas - Augas de Galicia, Servizo Territorial Zona Galicia Sur**.

9.B) Visto o oficio remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a resolución da *solicitud de recoñecemento ao uso privativo do aproveitamento dun pozo en Montenegro, A Paradela, Moaña, con destino a regadío de cespced de 400 m2*, e a súa inscrición no Rexistro de Augas, solicitado por D. Carlos Juncal Costa e D^a Iria Martínez Cortegoso, CLAVE: DH. B36.16811, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución–,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 3 de novembro de 2010, que literalmente di:

Solicitado informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (**Augas de Galicia-Servizo Territorial Zona Galicia Sur**) informe en relación dunha obra de execución dun pozo, no lugar de Paradela do Concello de Moaña (Pontevedra), obra promovida por Carlos Juncal Costa e Iria Martinez Cortegoso, **Clave DH.B36.16811**, teño a ben informar favorablemente a presente petición a cal este Concello non opón considerando algún.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparellador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas - Augas de Galicia, Servizo Territorial Zona Galicia Sur**.

9.C) Visto o oficio remitido pola Xunta de Galicia, XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, con entrada neste Concello o día 26 de outubro de 2010, no que solicita condicionado relacionado coa tramitación da instalación eléctrica denominada AMPLIACIÓN POTENCIA C.T. ROSAL SUR N^o 2, n^o de expediente IN407A 2010/324-4, solicitada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para o que achega separata do anteproxecto,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 3 de novembro de 2010, que literalmente di:

En relación coa petición formulada pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Indústria relativa a AMPLIACIÓN POTENCIA C.T. ROSAL SUR N^o 2 promovida por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A, N^o DE EXPEDIENTE IN407A 2010 /324-4, este Concello non opón condicionado algún a presente instalación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remítalo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria.**

9.D) Visto o oficio remitido pola Xunta de Galicia, XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, con entrada neste Concello o día 18 de outubro de 2010, no que solicita condicionado relacionado coa tramitación da instalación eléctrica denominada AMPLIACIÓN POTENCIA C.T. ROSAL SUR Nº 3, nº de expediente IN407A 2010/311-4, solicitada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para o que achega separata do anteproxecto,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de novembro de 2010, que literalmente di:

En relación coa petición formulada pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria relativa a AMPLIACIÓN POTENCIA C.T. ROSAL SUR Nº 3 promovida por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A, Nº DE EXPEDIENTE IN407A 2010 /311-4, este Concello non opón condicionado algún a presente instalación

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remítalo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria.**

9.E) Visto o oficio remitido pola Xunta de Galicia, XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, con entrada neste Concello o día 26 de outubro de 2010, no que solicita condicionado relacionado coa tramitación da instalación eléctrica denominada LMTS, C.T. ROSAL SUR Nº 4, nº de expediente IN407A 2010/325-4, solicitada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para o que achega separata do anteproxecto,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de novembro de 2010, que literalmente di:

En relación coa petición formulada pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria relativa a LMTS, C.T. ROSAL SUR Nº 4 promovida por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A, Nº DE EXPEDIENTE IN407A 2010 /325-4, este Concello non opón condicionado algún a presente instalación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remítalo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria.**

10.- PROPOSTA DE GASTOS

Visto o orzamento 1970.1/10/RS presentado pola empresa IPROMA LABORATORIO Y ASESORÍA para a análise de augas residuais da depuradora do Beque, por un importe 443,39 €, solicitado polo concelleiro de Medio Ambiente,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3420 22707

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 443,39 € a favor de IPROMA, con cargo a partida 3420 22707 RC 1513, polas análises de augas residuais da depuradora do Beque.

11.- GASTOS A XUSTIFICAR

O día 29 de xuño de 2010 a Xunta de Goberno Local acordou:

“...Aprobar o pago a xustificar a Daniel Rodas Chapela por importe de 1.558,87 euros, en concepto de pagamento dos dereitos de acometida eléctrica para o canil municipal”.

O día 7 de setembro de 2010, a Xunta de Goberno Local, acordou:

...aprobar esta ampliación de gasto a favor de Daniel Rodas Chapela con cargo a dita partida (26,85 euros con cargo á partida 3130.61104).

Vista a conta xustificativa achegada polo habilitado de data 15 de outubro de 2010,.

Visto o informe do interventor do 5 de novembro de 2010 que indica que a aplicación orzamentaria ao que se imputa o gasto non é ningunha das previstas nas bases de execución do orzamentos, artigo 41.1.b) (conceptos orzamentarios dos capitulos 2 e 4 do estado de gastos e aos conceptos 600 e 622), polo que emite informe de reparo,

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo do interventor pola imposibilidade material de realizar o pagamento doutro xeito a Fenosa.

Segundo: Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a D. DANIEL RODAS CHAPELA por importe de 1.585,72 euros, en concepto de pago a xustificar polo pagamento dos dereitos de acometida eléctrica para o canil municipal,

Tercero: Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

12.- LUDOTECA: MODIFICACIÓN

Visto o informe da coordinadora da ludoteca do día 2 de novembro de 2010 sobre a baixa dun usuario da ludoteca por sobrepassar a idade á que vai dirixida este servizo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa ao socio nº 137, Alejandro Sánchez Martínez.

13.- POLICÍA LOCAL: SOLICITUDE DE ASISTENCIA A CURSOS

13.A) O inspector xefe, por informe do 2 de novembro de 2010, informa que o xoves, 4 de novembro, celebrárase en Vigo a II Xornada de policía local da provincia de Pontevedra, organizado pola Deputación de Pontevedra. Indica que dada a natureza do encontro resulta de interese que asistan o inspector xefe (nº profesional 429004) así como o policía con nº 429009), e solicita que lle paguen os custes de desprazamentos a Vigo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a asistencia ás Xornadas ao persoal da Policía local nº 429004 e 429009, e recoñecerlle os dereitos de quilometraxe polo desprazamento, segundo o acordo marco.

13.B) O inspector xefe, por informe do 2 de novembro de 2010, informa que o día 16 de novembro celebrárase na Coruña unha acción formativa sobre planificación de seguridade vial urbana, organizado ao abeiro do convenio de colaboración entre FEMP e a DGT. Indica que dada a natureza e a súa relación coas funcións da Policía local, solicita a asistencia a dita acción formativa e o pagamento dos custes de desprazamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a asistencia á acción formativa sinalada ao inspector xefe con nº de profesional 429004, e recoñecerlle os dereitos de quilometraxe polo desprazamento, segundo o acordo marco.

14.- MODIFICACIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe-proposta da traballadora social do Concello, de data 5 de novembro de 2010, sobre modificacións no SAF (Dependencia), que di:

- Altas: - José Manuel Pereira Novas: 40 h/m. Sen achega económica ningunha.
- Luis Pequeño Pequeño: 70 h/mes. Coa achega económica de 93,66 €/mes.
 - M^a Dolores Costa del Rio: 40 h/mes. Sen achega económica ningunha.

Baixas:

- Belarmino González González. Por falecemento..

As modificacións das altas serán efectivas dende o 1 de novembro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

15.- EXAME DE OFERTAS E REQUERIMENTO Á OFERTA MAÍS VANTAXOSA DA OBRA “CENTRALIZACIÓN, XESTIÓN E REDUCCIÓN DO GASTO ENERXÉTICO NA ILUMINACIÓN PÚBLICA DA ZONA VERDEAL-INTERIOR ALDEA-DOMAIO”

A Xunta de Goberno, en data 2 de novembro de 2010, acordou remitir invitacións para participar na licitación da obra “Centralización, xestión e redución do gasto enerxético na iluminación pública da zona Verdeal-Interior Aldea-Domaio”, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S.L.
CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U.
ELECTRICIDAD C.S., sc

Antes do remate do prazo concedido se presentan ofertas:

- ELECTRICIDAD CS, sc. nº de rexistro de entrada 8.485 de 4 de novembro de 2010.
- CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U., nº de rexistro de entrada 8.486 de 4 de novembro de 2010.

A empresa CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S.L. presenta, en data 4 de novembro de 2010, renuncia á presentación de oferta económica, ante a imposibilidade de levala a cabo por compromisos previamente adquiridos.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e a solvencia necesarias para a execución da obra.

A Xunta de Goberno declara admitida, á vista da documentación presentada, a seguinte oferta:

- CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U.

A empresa ELECTRICIDAD C.S., sc, dentro do sobre da proposta presenta renuncia á presentación de oferta económica, por imposibilidade de cumprir cas obrigas esixidas nos pregos por compromisos previamente adquiridos.

A continuación, comeza o acto de apertura de ofertas, co seguinte resultado:

- CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U.

Prezo: CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (84.745,76 euros + 15.254,24 euros de IVE)

Prazo de execución das obras: 5 días.

Melloras: Ningunha.

Prazo de garantía: 6 meses (adicionais).

Á vista das condicións da única oferta admitida, entendendo que a oferta se axusta aos condicionantes previstos nos pregos, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, de conformidade co previsto no artigo 135.3 e disposicional adicional segunda da Lei 30/2007, acorda:

UNICO.- Notificar e requirir e á empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U., único candidato que presentou oferta, e polo tanto sendo a máis vantaxosa, para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente, na forma prevista na cláusula 14 dos pregos:

- a) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.
- b) A documentación xustificativa da constitución de garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

16.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DO CUNCHAL”.

Dase conta da certificación ordinaria nº 1-liquidación de data 21 de outubro de 2010 da obra “Pavimentación do Camiño do Cunchal”, presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.: e asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes así como da factura nº 10/169 de data 02/09/10, por importe de 44.038,56 euros, ive incluído.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 8 de novembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 1-liquidación, de data 21 de outubro de 2010 por importe de 44.038,56 euros da obra “Pavimentación do Camiño do Cunchal” e remitila é Deputación Provincial por ser obra financiada con cargo ao PPC-2009.

Segundo: Aprobar a factura de EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L. nº 10/169 de data 02/09/10, por un importe de 44.038,56 euros, recoñecendo as obrigas con cargo á partida 1550.60910.

17.- CONTRATACION CONDUCTOR MAQUINISTA

Dase conta da proposta feita polo tribunal constituído para a selección dun conductor maquinista:

Transcurrido o prazo de reclamacións dos resultados provisionais sin que se presentara reclamación algunha, elevanse a definitivos os resultados, proponendo por tanto a contratación do aspirante de maior puntuación ANDRES DURAN CHAPELA, nas condicións establecidas nas bases e decir por un período de seis meses a contar dende o 15/11/10 ata o 14/5/11, contrato laboral temporal por amulación de tarefas, xornada completa, e con unhas retribucións mensuais de: Soldo 1062,67 euros, p. puntualidade 30,66 euros, pagas extras 182,22 euros, cese 28,35 euros

NOME	Curriculo	Proba tractor	Proba limpa-praias	PUNTUACION FINAL
Cubillos Alvarez Maria L	2,10	0,33	0,31	2,74
Currás Piñeiro Rodrigo	1,91	2,63	1,46	6,00
Duran Chapela Andres	2,00	3,63	1,54	7,17
Fuentetaja de Salazar Javier	1,29	0,33	---	Eliminado
Garcia Otero Eugenio	2,00	1,00	1,13	4.13
Gayo Bermudez José Carlos	1,53	3,19	1,16	5,88
Giraldez Rios Diego	0,75	0,69	0,71	2,15
Iglesias Martinez Sergio	2,20	1,31	1,60	5,11
Nuñez Perez Javier	2,85	0,94	0,50	4,29
Posada Costa Jose M.	2,30	1,56	0,64	4,50
Piñeiro Santome Enrique	1,23	2,81	1,75	5,79
Romero Fernandez Arturo	2,25	0,63	0,95	3,83
Salgado Lopez Antonio	0,00	0,81	0,30	1,11
Santome Gonzalez Juan P	0,00	--	--	Eliminado

Moaña, 8 de Novembro do 2.010

O SECRETARIO DO T.

A Xunta de Goberno, Por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar a proposta e contratar como chofer-maquinista a ANDRES DURAN CHAPELA, nas condicións indicadas.

18.- SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

- POR URBANIZACIÓN

18.A) D. Carlos Villar Mariño, por escrito do 1 de setembro de 2010, solicita a devolución da fianza por urbanización pola construción da vivenda unifamiliar situada en Verdeal - Domaio, número de expediente 39/08

Visto o informe do 20 de setembro de 2010 do arquitecto técnico municipal, no que recolle que as obras de urbanización da cesión do terreo resultante da aplicación da alineación oficial sobre a parcela están rematadas e que se adaptan ás características técnicas especificadas no proxecto que serviu de base para a concesión da licenza, e no que conclúe que **procede a devolución da fianza**

Visto o informe da tesourería do 5 de novembro de 2010, **favorable** a devolución da fianza correspondente, por importe de 350,25 € a favor de Carlos Villar Mariño (NIF 35275066N)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución de 350,25 euros depositada para responder da urbanización do expte. de obras 39/08 por D. Carlos Villar Mariño.

18.B) D. Ricardo Collazo Carballa, en representación de DIVICASA PROMOCIONES, S.L., solicita a devolución da fianza por urbanización pola construción de tres vivendas unifamiliares apegadas na Borna, 318, número de expediente 119/06

Visto o informe do 4 de marzo de 2010 do arquitecto técnico municipal, no que recolle que as obras de urbanización da cesión do terreo resultante da aplicación da alineación oficial sobre o predio están rematadas e que se adaptan ás características técnicas especificadas no proxecto que serviu de base para a concesión da licenza, e no que conclúe que **procede a devolución do aval**

Visto o informe da tesourería do 12 de marzo de 2010, **favorable** a devolución da fianza correspondente, por importe de 405,37 € a favor de Divicasa Promociones, S.L. (CIF B36274132)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución do aval por importe de 405,37 euros depositada para responder da urbanización do expte. de obras 119/06 por Divicasa Promociones, .S.L.

18.C) D. José Rosales Regueira, por escrito do 19 de maio de 2010, solicita a devolución da fianza por urbanización pola construción da vivenda unifamiliar situada en Palmás - Domaio, número de expediente 12/07

Visto que ten concedida a licenza de primeira ocupación por acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de abril de 2010,

Visto o informe do 29 de outubro de 2010 do arquitecto técnico municipal, no que recolle que as obras de urbanización da cesión do terreo resultante da aplicación da alineación oficial sobre o predio están rematadas e que se adaptan ás características técnicas especificadas no proxecto que serviu de base para a concesión da licenza, e no que conclúe que **procede a devolución da fianza**

Visto o informe da tesourería do 5 de novembro de 2010, **favorable** a devolución da fianza correspondente, por importe de 476 €, a favor de José. Rosales Nogueira (NIF 35296794M)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución de 476,00 euros depositada para responder da urbanización do expte. de obras 12/07 por D. José Rosales Nogueira.

18.D) CORDEIRO, S.L.

D.^a M^a Rosa Martínez Barreiro, por escrito do 24 de xuño de 2010, solicita a devolución da fianza por urbanización pola construción de a) edificio na rúa Ramón Cabanillas, nº 77, número de expediente 145/05; b) vivenda unifamiliar en Quintela (parcela 6), nº expte. 176/04; c) vivenda unifamiliar en Quintela (parcela 8), nº expte. 177/04; d)

vivenda unifamiliar en Quintela (parcela 7), nº expte. 174/04; e) vivenda unifamiliar en Quintela (parcela 5), nº expte. 175/04; f) vivenda unifamiliar en Quintela (parcela 1), nº expte. 247/00; g) vivenda unifamiliar en Quintela (parcela 2), nº expte. 246/00; h) vivenda unifamiliar en Quintela (parcela 3), nº expte. 245/00;

Visto o informe do 5 de novembro de 2010 da tesoureira que indica que ten comprobado o depósito das fianzas correspondentes, que non consta na contabilidade municipal que se procedesse ao seu reintegro e dado o contido dos informes emitidos polo arquitecto técnico municipal os días 26 e 28 de outubro, **informa favorablemente** a devolución das fianzas correspondentes por importe total de 2896,90 euros, a favor de CORDEIRO, S.L. (CIF B36033645)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución das fianzas por importe de 2.896,90 euros a favor de CORDEIRO, S.L, das obras 145/05,. 176/04, 177/04,. 174/04,. 175/04,. 247/00, 246/00 e 245/00.

18.E) D. Gustavo Juncal Gallego, por escrito do 30 de setembro de 2010, solicita a devolución da fianza por urbanización da vivenda unifamiliar situada en Broullón, 22 A, número de expediente 29/06.

Visto que ten concedida a licenza de primeira ocupación por acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de agosto de 2010,

Visto o informe do 25 de outubro de 2010 do arquitecto técnico municipal, no que recolle que as obras de urbanización da cesión do terreo resultante da aplicación da alineación oficial sobre a parcela están rematadas e que se adaptan ás características técnicas especificadas no proxecto que serviu de base para a concesión da licenza, e no que conclúe que **procede a devolución da fianza**

Visto o informe da tesourería do 5 de novembro de 2010, **favorable** a devolución da fianza correspondente, por importe de 300 €, a favor de Gustavo Juncal Gallego (NIF 78434266E)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución de 300,00 euros depositada para responder da urbanización do expte. de obras 29/06 por D. Gustavo Antonio Juncal Gallego e D^a Milagros Poza Vázquez.

19.- GRATIFICACIÓNS A FUNCIONARIOS MUNICIPAIS

Vistas as solicitudes de pagamento de gratificacións por servizos extraordinarios do persoal pertencente ao corpo da Policía local, solicitudes realizadas no propio exercicio 2010, das que algunhas están decretadas previamente pola Alcaldía e outras non, e que se recollen nas seguintes táboas:

Relación de horas extras realizadas por axentes da Policía Local, **DECRETADAS** polo Sr.

Alcalde

Data	Axente	Servizo	Horas	Importe
21/08/10	Nogueira Pérez, Miguel	Actos honra S. Castroviejo	3 festivas	59,97
21/08/10	Blanco Fernández, Jesús	Actos honra S. Castroviejo	3 festivas	59,97
12/09/10	Pérez Santiago, José Manuel	Festa dos Milagros	4 festivas	79,96
12/09/10	Pérez Carrera, José Benito	Festa dos Milagros	4 festivas	79,96

Total	14	279,86
--------------	-----------	---------------

Relación de horas extras realizadas por AXENTES da Policía Local, NON decretadas polo Sr. Alcalde

14/09/10	Blanco Fernández, Jesús	Dilixencias xudiciais detido	1 nocturna	16,66
14/09/10	Pérez Santiago, José Manuel	Dilixencias xudiciais detido	1 noctura	16,66
14/09/10	Blanco Portela, Francisco J.	Dilixencias xudiciais detido	1 noctura	16,66
01/11/10	Casas Curro, Julio César	Festividade día de defuntos	4 festivas	79,96
01/11/10	Perez Santiago, José Manuel	Festividade día de defuntos	4 festivas	79,96

Total	11	209,9
--------------	-----------	--------------

O interventor municipal emite informe o día 8 de novembro de 2010, desfavorable para o recoñecemento da obriga en concepto de servizos extraordinarios prestados polos funcionarios municipais, axentes da Policía local, pola inexistencia da documentación requirida polas bases de execución do orzamento para o ano 2010 para a autorización e pagamento de servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo.

Visto que todas esas horas extraordinarias contan cos informes do xefe da Policía local xustificativos da súa realización,

Vista a existencia de crédito dispoñible para a imputación do gasto destas horas extras de persoal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: Levantar o reparo do interventor por entenderse efectivamente realizados os servizos, tal e como constan nos informes.

Segundo: Aprobar as gratificacións extraordinarias á Policía Local recollidas nas táboas por un importe de 489,76 €, con cargo á partida orzamentaria 1320 12104.

20.- SOLICITUDE DE BAIXA DO PADRÓN DE VENDEDORES/AS DA PRAZA

Ángela Santomé Veiga, por escrito do 2 de novembro de 2010, expón que ten un posto de peixe ao seu nome na praza de abastos, exactamente o número 12 C, e solicita que se dea de baixa do padrón porque leva de baixa varios meses, con efectos dende o mes de xullo.

Visto o informe do encargado da praza de abastos, que confirma que a Sra. Santomé leva varios meses sen vender, pero que en dito posto gardaba utensilios seus e que ninguén podía dispoñer do mesmo mentres non solicitase a baixa. Indica que ten recibos pendentes dende o mes de xullo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se lle cobren os recibos pendentes de pagamento e darlle de baixa do padrón de vendedores/as de praza de abastos

21.- SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE AVAL

21.A) O apoderado da empresa Xestión Ambiental de Contratas, por escrito con entrada no Concello o día 17 de setembro de 2010, solicita a devolución de avais, entre eles:

ENTIDADE	OBRA	IMPORTE (€)
GALICIA	Construcción do roteiro da Costa de Tirán	5.029,39

Visto o informe de secretaría do 21 de setembro nos que indica que unha vez obtido o informe favorable do director da obra, procede a devolución da garantía

Visto o informe do director da obra do día 2 de novembro de 2010, que indica que as obras se encontran ben executadas e de acordo ao proxecto e instrución do facultativo director.

Visto o informe da tesoureira do 5 de novembro de 2010, favorable á devolución da fianza correspondente, por importe de 5.029,39 euros, a favor de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (CIF B36746584).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución do aval solicitado.

21.B) Composan Construcciones, S.A., solicita a devolución do aval depositado para responder da obra *Instalación de cespede artificial no campo de fútbol municipal do Casal (Moaña)*.

Visto o informe do secretario municipal do 2 de novembro de 2010, que indica que a acta de recepción das obras é do 16.09.2009, data na que comeza a contar o prazo de garantía de 120 meses previsto no contrato, que rematará o 16 de setembro de 2019. Conclúe que non procede a devolución solicitada en tanto non remate o prazo de garantía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda non aprobar a devolución do aval solicitado polos motivos recollidos no informe de Secretaría..

21.C) HPC Ibérica, S.A., por escrito do 21 de setembro de 2010, solicita a devolución de avais depositados para responder de obras, un dos cales é o depositado para responder da obra *Acondicionamento dos parques infantís do Almacén, San Bartolomeu, A Praia Tirán e O Casal, no Concello de Moaña.*

Visto o informe do secretario municipal do 22 de setembro de 2010, que indica que a acta de recepción das obras é do 23.12.2009, data na que comeza a contar o prazo de garantía de 24 meses previsto no contrato, que rematará o 23 de decembro de 2011. Conclúe que non procede a devolución solicitada en tanto non remate o prazo de garantía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda non aprobar a devolución do aval solicitado polos motivos recollidos no informe de Secretaría..

22.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

22.A) Visto o informe da Tesourería municipal do 8 de novembro de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Unión Fenosa Distribución S.A.. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. (CIF A82153834**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
OUTUBRO 2008	82.745,30	1.241,18

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LJCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. por importe de 1.241,18 euros polo período de outubro 2008, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

22.B) Visto o informe da Tesourería municipal do 5 de novembro de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Cableuropa, S.A.U no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou

cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***CABLEUROPA, S.A.U.(CIF A62186556)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
3º TRIMESTRE 2010	554,03	8,31

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LJCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de CABLEUROPA,

S.A.U.. por importe de 8,31 euros polo periodo do 3º trimestre 2010, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

23.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO
 Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
BENITO CARRERA DOMÍNGUE	Saneamento, uso doméstico	Vilela, 99 – 2º	Saneamento 180 €	Aqualia Arquitecto técnico
GUDELIA COSTA PASTORIZA	Auga e Saneamento, uso doméstico	Pandiña, Tirán, 114 A	Presenta recibos da pagamento do ano 2005 por conexións Sumidoiros 395 € Auga..... 250 € Fianza20,00 €	Aqualia
JOSE MANUEL VILLAR MÉNDEZ	Saneamento, uso doméstico - galpón	Couso – Meira, s/n	Saneamento 180 €	Aqualia Arquitecto técnico
MARCOS CARRERA, LUIS	Saneamento, uso doméstico - galpón	Casal, 62 (pola parte do campo de fútbol)	Saneamento 180 €	Aqualia Arquitecto técnico
GÓMEZ CURRA, FLORIANO	Auga, uso doméstico	Xunqueira, 61 Portacelo portal 1-A, 2º E	Taxas conexión 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia
GÓMEZ CURRA, FLORIANO	Auga, uso doméstico	Xunqueira, 61 Portacelo portal 1-A, 2º C	Taxas conexión 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia
GÓMEZ CURRA, FLORIANO	Auga, uso doméstico	Xunqueira, 61 Portacelo portal 1-A, 2º D	Taxas conexión 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia
RUEDA SOAGE, ORLANDO	Auga, uso doméstico	Avda. Xunqueira, 61 1 - D	Taxas conexión 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.